



O FARELO

Nº 66
Xuño de 2022
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Mellora da
seguridade viaria
en Pereiro
de Aguiar



Páxina VI

Certame Literario
da Asociación
Loureiro



Páxina XI

Premio Ferrocarril
Monforte para
Eixo Atlántico



Páxina XII

O Barrio do
Hospital
de Monforte
terá parque



Páxina XIII

Festa de
Exaltación do
Pan de Cea



Páxina XV

Encontro de
confraternidade
astur-galaico en
Camariñas,
Muxía e Santiago



Páxina XVI



Festival Internacional de Xardíns en Allariz

Páxina VIII

Festa do Boi 2022 de Allariz do 11 ao 19 de xuño

Páxina IX



Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

Revival das esquerdas en América Latina

A histórica vitoria (40% dos votos) da esquerda colombiana liderada por Gustavo Petro na primeira volta dos comicios presidenciais desde 29 de maio permite observar a reconfiguración da esquerda continental a través de novos liderados emergentes, algúns deles impulsados polas protestas sociais que, dende Colombia ata Chile, se presentaron na rexión entre 2019 e 2021.

Esta nova xeración de liderados esquerdistas comezou co retorno ao poder do MAS en Bolivia en 2019, con Luís Arce capitaneando o proceso post-Evo no país andino. Continuou en 2021 coas vitorias de Pedro Castillo en Perú (que recentemente superou unha moción parlamentaria contra a súa presidencia), Xiomara Castro en Honduras (esposa do ex presidente Manuel Zelaya, deposto por un golpe militar en 2009) e Gabriel Boric en Chile, este último o máis xoven presidente dese país (36 anos) pero con notable experiencia política: desde 2011 como líder das protestas estudiantís a favor do ensino público. Hoxe Boric impulsa un proceso constituínte en Chile.

Á espera da segunda volta presidencial en Colombia prevista para o vindeiro 19 de xuño, Petro xa fixo historia: por primeira vez á esquerda colombiana acada un contundente triunfo electoral que pón fin a dúas décadas de "uribismo", sepultando ó mesmo tempo o tradicional bipartidismo oligárquico liberal-conservador que

configurou a política colombiana desde a súa independencia en 1830.

Seguindo co ciclo electoral, queda Brasil, con presidenciais no vindeiro outubro, onde o regreso do ex presidente Lula da Silva confrontará o "trumpismo" do actual mandatario Jair Bolsonaro. A priori, Lula é o favorito: as sondaxes de intención de voto lle dan entre o 48 e o 54% dos votos para gañar en primeira volta.

Agora ben, queda por saber cómo convivirá esta emerxente nova xeración de líderes esquerdistas que se achegan á presidencia pola vía electoral con presidentes tamén de esquerdas que seguen no poder, como son os casos de Maduro en Venezuela, Daniel Ortega en Nicaragua e Díaz-Canel en Cuba, todos eles fortemente cuestionados non só por EEUU e os seus aliados senón tamén incluso dende varios espazos da esquerda hemisférica.

Nos casos de Maduro e Díaz-Canel, líderes unidos como os respectivos abandeirados do post-chavismo e do post-castrismo en Venezuela e Cuba, están observando ó mesmo tempo as virtudes do pragmatismo diplomático con EEUU. Biden xa adiantou o final progresivo dunha serie de sancións contra Venezuela e Cuba que anuncia unha etapa de entente, cos intereses económicos no trasfondo, mais visibles no caso venezolano.

Ó mesmo tempo que deberán medir os retos post-pandémicos internos (pobreza, crise econó-

mica, sanidade) esta 'nova esquerda' deberá tamén medir os efectos que se traducen nos cambios sistémicos a nivel mundial derivados da guerra ucraína e as sancións a un produtor global de materias primas como Rusia, socio comercial de varios destes países latinoamericanos.

Ábrese así unha oportunidade para países produtores de materias primas latinoamericanos, á espera de observar a posibilidade dun boom económico. Este aspecto ten especial incidencia na actual alza dos prezos das materias primas ante a escaseza de alimentos e de combustible, e cómo esta situación pode reverter ou non



as crise establecidas en países produtores como Brasil e Venezuela.

Polo pronto, parece emerxer

unha 'nova esquerda' en América Latina. Agora ben, entre os principais desafíos destes novos liderados (Petro, Boric, Arce) tamén se atopan a súas respectivas capacidades para xestionar a herdanza de líderes históricos da esquerda latinoamericana (Castro, Chávez, Lula) que dominaron o espazo político latinoamericano nas últimas décadas. Todo isto xunto cos retos dun mundo en trepidantes e constantes cambios que demandan solucións alternativas a novos (e vellos) problemas.



ANTOMS



GADIS DACHEMÁIS

SORTEAMOS 10 FINS DE SEMANA NAS CABANIÑAS DO BOSQUE

Ourense - A Coruña

2 NOITES PARA 2 PERSOAS CON ALMOZOS INCLUIDOS

Participa por cada 20€ de compra do 2 ao 22 de xuño.

Non se piden cobros e cartóns de crédito

Xacobeo 21-22

GADIS

Por Avelino Jácome

Restos arqueolóxicos do Castro de Doade para a Casa do Patrón

Vanesa Trevín Pita, a arqueóloga directora da intervención arqueolóxica realizada no ano 2021 para a valorización turística do Castro de Doade, procedeu a entrega a Manuel Blanco Villar, xerente do Museo Etnográfico Casa do Patrón dos 2.400 restos arqueolóxicos mobles localizados na mencionada campaña, unha vez rematada a súa limpeza, siglado, fotografado, catalogación e inventariado.

Nesta importante campaña, na que se descubriu o lenzo exterior da muralla orixinal do castro, da que quedaron consoli-

dados e musealizados 18 metros de parede, que se poden contemplar no propio xacemento, xunto cos lenzos externo e interno da outra muralla e as vivendas e demais construcións atopadas en actuacións anteriores, agora os visitantes, poderán gozar da beleza dos restos máis representativos, entre os que se atopan varios anacos de cerámica con diferentes decoracións, algúns diles pertencentes ao mesmo cacharro, debidamente encaixados e pegados entre sí, restos de varios muíños circulares e naviformes, etc.

Con esta nova incorporación, os restos



arqueolóxicos mobles do Castro de Doade, xunto con algúns machados prehistóricos das mámoas, acadan as 24.000 pezas, maiormente de cerámica, pero tamén líticos (muíños circulares e naviformes, mans de muíño, pesas de teitos e teares, fusaiolas), metais (pezas de ferro e bronce), pallabarro, que aportan gran cantidade de datos e información sobre a vida castrexa no período habitacional acreditado neste castro, durante case 1000 anos (dende finais da século V a. de C. ata o século IV d. de C.), dividido en catro fases de ocupación ben diferenciadas.

Próximamente tamén se procederá a entrega da Memoria final da escavación e restauración, coa información detallada e as conclusións da citada campaña".



Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Pensando en alto

Aínda sen querer cometemos moitas inxustizas antes dos feitos seren feitos, xa no pensamento. Ás veces na nosa ansia reparadora e instantánea, repentina, cometemos o mal da desproporción ou do despilfarro, cando non a metedura solemne de pata que, ben pensada, é irreparable e non ten desculpa algunha.



Sucede con todas as noticias que nos asaltan nestes convulsos tempos, ao cabo dun tempo semellan desbordarnos e mesmo caducan nun esquecer precipitado, nun esquecemento salvador que nos protexe. Como se o tempo fose suficiente cura para perdelas de vista e ignoralas. Somos un pouco cómplices dese obsolescencia que apresura e precipita aconteceres, fatigándonos, dese despiste intencionado que

non nos libra da responsabilidade. Somos un resultado máis das enquisas, que nos deixamos levar. Somos o que programaron outros para que fagamos -queiramos ou non- porque así o teñen calculado e decidido. Saben de nós e das nosas evocacións temporais, que non duran ecos, mais están aí pedindo reparación. De tal xeito nos

metemos nos temas, nun principio, que non agardamos ver as causas e motivos que se concentran neles. Non atendemos ás razóns de Rusia, ás razóns de Ucraína. Deixámonos ir co que nos din, e mesmo enfadamos se nos contradín. Non vemos os antecedentes que aquí nos trouxeron, os preludios. E non só

non vemos, ás veces -isto é o peor: non queremos ver eses procelosos camiños que aquí nos traen. Porque, queiramos ou non, xa formamos parte da contenda, xa estamos abeirados no lado dos bos, claro. Xa estamos implicados e satisfeitos tan só con datos dun lado ou doutro, tal como nolos presentaron.

O mellor sería, ter tomadas as debidas precaucións. Polo menos para evitar sempre

meterse en liortas bélicas e armamentísticas, das que case sempre saímos mal parados. E, antes de sentenciar, analizar a situación que, por certo, xa se viña coñecendo en anos. Saber cales eran e son as verdadeiras intencións, as causas. Se somos algo habilidosos, tamén posibles solucións antes das mortes, que puideran evitar esta ruína absoluta, este caos humano, esta derrota da especie humana e do entendemento. Pero é que por riba, non temos todas con noso. Non sabemos se é bo axudar mandando máis armas, que é un modo de acirrar á guerra, ou non. En calquera caso, sabemos desde nenos que encerrar non é un bo sistema de paz. Non sabemos se é bo defender a quen se defende, sendo vítima e sobre todo porque quen ataca xa ten con que atacar, moi a pesar noso. E o que se defende ten menos posibles para defenderse e débese axudar. Pero o peor é que quizais nos fixamos moito nas imaxes e nos vemos o verdadeiro relato. Quizais as nosas bágoas sexan bágoas de crocodilo, sen máis, deixándonos levar do que nos din, desa doutrina eficaz tan repetitiva. Entre todos choramos ese mar de desgrazas. Mais, anque non console, é o que máis doe cando nos volvemos un pouco reflexivos. Por mor desta guerra esquecemos outras fronteas, outras inxustizas, outros virus. Somos tan rápidos que non volvemos saber daquelas outras fronteas abertas. Onde queda aquilo de Siria, coa brutal responsabilidade europea, ou os "mortuo-

rios" do Estreito, enchidos de pateiras e sementadas de mortos, onde seguen a morrer miles de persoas máis querendo chegar á Península, panacea da fame e do paro, paraíso das derradeiras desigualdades que nos invaden. E non nos acordan eses barcos á deriva que temos na casa, que seguen sen que reparemos a nosa desgraza, chegando a asfixia das nosas xeografías. E nós despreocupados querendo esquecer tamén a Afganistán, ao Pobo Saharauí -que isto é para botar pecados, aos outros refuxiados que non son de Ucraína, aos sirios, a tanta xente de pedir que non ten onde abeirar. Por iso que eu non sei que pensar. Igual xa estamos nesa anunciada terceira guerra mundial e sen sabelo. Quizais precisemos de algo de cordura, asempreausente, para asumir que isto todo non é bo e que precisa moitas solucións, para todos os parias da terra, para todos e nós tamén. Son refuxiados, veñan de onde veñan. Son seres desvalidos, en sobrecolledoras vidas que nos afectan e sinalan. O sistema posiblemente estea acabado -fallou estrepitosamente en redistribución de riquezas, gañan os golfos- e deberían, os que mandan -aquí é onde se esconden-, buscar novas solucións equitativas e equidistantes, que proporcionen solucións, senón creo que temos pouco recorrido.



Opinión

Hai un grave problema co INE

Se está a calcular mal tanto o PIB como a inflación en España

Os dous principais datos macroeconómicos da estatística oficial española, o PIB e o IPC (inflación), son incorrectos e as consecuencias para o país son cada día máis preocupantes, o cal cuestiona a metodoloxía de medición do Instituto Nacional de Estatística, o INE.

No caso da inflación, o erro do INE é consecuencia de como se mide a subida da luz, que é un dos prezos que máis creceron no IPC. En 2021, o prezo que pagan os clientes do mercado regulado disparouse: subiu de media un 35,6%. Mentres que os recibos da tarifa do mercado libre non só non subiron senón que, de media, baixaron un pouco: pola rebaixa nos impostos da electricidade que aprobou o Goberno.

Agora mesmo en España a gran maioría dos consumidores teñen tarifas do mercado libre. Pola súa banda, só o 35% das familias están na tarifa PVPC. O problema é que o INE, para calcular a inflación, só mide a ese pouco máis dun terzo dos consumidores: aos que máis lles subiu o recibo da luz. E non ás familias coa outra tarifa, que hoxe é a máis común e –por

agora– a máis barata.

No seu cálculo da electricidade, o INE non está a medir canto pagan realmente máis de 17 millóns de fogares, case dous terzos do total. Incluso admiten que o seu método de medición da electricidade é imperfecto.

A consecuencia desta medición incompleta do INE é unha desviación moi notable: ao redor dun punto adicional no IPC, tal e como corroboran fontes como Caixabank e o Eurostat. Segundo Caixabank, o impacto de non contar con este segundo grupo para medir a inflación supón que o IPC media de 2021 sería realmente do 2,2%, fronte ao 3,1% que figura na estatística oficial do INE. O 2021 pechouse cun 4,7%, no canto do 6,5% oficial.

Para Eurostat, a oficina estatística da Comisión Europea, o IPC en España quedouse nunha cifra moi similar á que

asegura Caixabank: un 2,1% de inflación media en 2021 fronte ao 3,1% do dato oficial do INE. Eurostat utiliza un método de medición máis completo, que mide o prezo da luz en todos os fogares, non só dese 35% que están no mercado regulado e que é o grupo que hoxe paga uns recibos máis altos.

O outro erro é a medición do PIB, o produto interior bruto, que é o principal indicador para resumir a saúde dunha economía. Segundo o INE, España aínda non

E hai un problema: que todo se basea na estatística oficial do PIB que calcula o INE. Que non cadra con outros indicadores da economía real. Do mesmo xeito que coa inflación, aquí tamén son dúas as fontes de datos que deixan en evidencia ao INE na súa estimación do PIB: a recadación fiscal e o emprego. España ten hoxe o maior número persoas dadas de alta como traballadores na Seguridade Social de toda a súa historia: por primeira vez, máis de 20 millóns. Con todo, di o INE, o PIB real (ou PIB a prezos constantes) pechou 2021 máis de seis puntos por detrás do que estaba en 2019.

Coa recadación fiscal pasa exactamente o mesmo. A Axencia Tributaria nunca ingresou tanto como agora en toda a súa historia. En 2021, a recadación fiscal creceu un 15,1% sobre 2020 e un 5% sobre o nivel de 2019. Con todo, segundo o INE, a economía española só creceu o ano pasado, a prezos correntes, un 7,4% e segue un 3,2% por baixo de 2019.

Outro disparate estatístico que provoca o erro do INE está na presión fiscal, que é un denominador entre PIB e recadación. Como o PIB está infraestimado, suponse que a presión fiscal ha aumentado en España: outra absoluta rareza, porque non subiron os impostos.

Artigo publicado por Ignacio Escolar no eldiario.es o 24/05/2022.



logrou alcanzar o nivel de PIB que tiña antes da pandemia, en 2019, é a economía europea máis atrasada na recuperación tras o COVID e o peor país de toda a OCDE na súa evolución económica destes últimos dous anos.

Por Ramón Coira Luaces

Alfonso Rueda, outro presidente títere de Madrid

Non gosto da hipocrísia, nin do cinismo, nin da ruindade propia ou allea. E iso foi o que vin en boa medida nos representantes do PP no debate do Parlamento galego. Sinto non ser máis correcto formalmente. Está claro que Madrid financia a indignidade galega e

premia a traizón ao país, porque queren manternos na lama da servidume. Unha opresión que a nós nos causa estragos, pero que a eles lles proporciona bastantes beneficios económicos. Que vai facer Alfonso Rueda? O mesmo que os antecesores do PP, matices aparte. Destruír o país,

vendelo, españolizalo e garantizarse a cambio un retiro dourado ou un ascenso como o de Fexóo. Como dicía Anxo, o responsábel sindical da CIG-Ourense referíndose a Feijóo, esta xente do PP non serve a Galiza, sérvese de Galiza para enriquecerse e medrar. Aínda a risco de volver ser politicamente incorrecto e ser criticado por isto, “o porco segue de pé”. Porén Galiza non precisa outro Delegado do Goberno-bis ou Delegado rexio, como tivo case sempre, senón unha muller verdadeiramente leal ao pobo galego, demócrata, que crea no país e o defenda do feroz cen-

tralismo que nos esmaga. Acompañada dun goberno na Xunta que, aínda que non o poida solucionar todo, polo menos faga o posíbel para acadar o máximo que se poida conseguir neste contexto opresivo. Que free a desfeita e que nos permita manter a esperanza no futuro de Galiza, o noso país. Non teñades medo, asumide compromisos, exerce de loitade polos vossos dereitos.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal
Fotografía: Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortífus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer


Por Nemésio Barxa.

A moda em Galiza

Há dias lia num Jornal galego uma reportagem sobre os novos criativos de grandes marcas ou profissionais que toparam um nicho no mercado criando pequenas firmas, na moda Galega e que considerava eram os que haviam tomado o relevo aos desenhadores dos 80.

Mas sempre que se fala de Moda Galega, com maiúsculas, surpreende-me o silêncio ou ignorância ou desaire que se faz ao linho que se cultivava na nossa terra, á roca para fiar a lã e ás tecedeiras com seus teares rudimentares. Lembro, na minha nenés por terras de Viana do Bolo, que era raro não topor em cada casa uma daquelas máquinas de tecer, não atopar a roca ou as lavouras do linho. Logo, ao império da minha curiosidade sobre todo o referente a Galiza, indaguei na historia, incluso da Moda, e descubri do cultivo ancestral do linho e da utilização da lã na vestimenta desde sempre; foi mais tarde, numa visita ao Gaiás na exposição “Con-Fio en Galicia”, penso que num interessante esforço para impulsar o sector e projetar uma imagem de país, que satisfiz em parte minha curio-

sidade retrocedendo de golpe na historia, iniciando com uma agulha do Paleolítico achada no Cova de Eirós (Triacastela), oso



polido de 7 cm. de longitude e considerado como a peza mais antiga vencelhada ao têxtil, ou pezas que os romanos usavam para criar fio (e que se conservavam numa caixa no Museu Arqueológico de Ourense), exemplos de vestimenta de castrejos, ro-

manos ou galegos e seu evoluir até o tempo atual e incluso dous bonecos com a vestimenta do rei galego Afonso IX e sua dona Berenguela de Castilha. Também a exposição celebrada na Casa da Luz (Pontevedra) de achegamento ao processado do linho e todo seu trabalho artesanal e aquelas maravilhosas colchas e trajes que tinham nossas avós. Reivindicaram-se os teares e a roca e as tecedeiras e o linho e a lã. E também a moda, que colocou a Galiza como referente no panorama internacional e que chegou a ser a partir dos anos 60, graças ao impulso inesquecível de Regojo desde Redondela especialmente com sua camisa Dalí e nos anos seguintes com epicentro em Ourense, o motor económico mais importante, com a automação, e competindo com a tradicional indústria do mar.

Tal vez não sejamos conscientes da importância, o evoluir e as adaptações às circunstâncias atuais do mundo da moda e do têxtil. Empresas que fabricam tecido a partir de garrafas de plástico recicladas, a investigação em materiais disruptivos, os cursos de postgrão de Xestión Industrial da Moda na UdC, o iminente Perte de Economía Circular ou o próprio Amancio Ortega colaborando no projeto da biofibra florestal.

Mas, para alguém que pretenda saber polo miúdo a historia da Moda em Galiza a partir dos 80 (naturalmente, do século passado), mais um pequeno resumo histórico anterior, resulta imprescindível a leitura do livro “40 ANOS DE MODA EN GALICIA”, da autoria, sempre festiva, do entranhável jornalista viguês Fernando Franco que em algo mais de 200 pax., de edição elegante, magníficas fotografías e ajeitados colaboradores, e numa linguagem ágil, afável e desenfadada nos transporta a uma época tão convulsa, criativa e apaixonante como a que se inicia com a morte do Ditador e que abre uma janela a uma nova sociedade e a uma nova indumentaria ou jeito de vestir. Fernando Franco é testemunha de exceção que participou em toda a movida, jornalista multidisciplinar, imprevisível e retranqueiro que mesmo pode definir-se como monárquico, no convencimento de que seus amigos que o sabemos inteligente não o imos crer, mas que quando escreve o faz com o máximo rigor e amenidade. Livro recomendável, de fácil, amena e placentera leitura. -

Quinta do limoeiro, maio do 2.022



Xosé González Martínez. *Secretario da Irmandade Xurídica Galega

Irmandade Xurídica Galega

A existencia dun dereito consuetudinario propio é unha evidencia constatada na innumerable biografía xurídica publicada desde hai ben tempo. Non vén ao caso relacionar a amplísima nómina de xuristas que se preocuparon pola súa existencia e necesidade de regulalo.

O notario, e tamén amigo, Victorino Gutiérrez-Aller calificouno como “a cerna da vertebración deste país”, identificándoo sempre coa lingua galega, o idioma común dos seus usuarios. Moitísimas décadas antes, Lois Peña Novo, outro xurista de recoñecido prestixio, subliñaba esa estreita relación: “É moi importante o idioma no que o Dereito se manifesta, porque o idioma é o resultado da cultura de cada pobo, que foi acumulando os elementos de expresión necesarios para manifestar o seu espírito”.

Fermín Bouza Brey publicou en 1931 un artigo no que expresaba con rotundidade esa relación, “porque a xente que acode aos xulgados son maioritariamente galegofalantes”. Esta teima reivindicativa ex-

presouna o Centro Galego de Montevideo nun escrito dirixido ao Presidente do Consello de Ministros en 1930: “Igual sucede cos xuíces e demais dependencias da xustiza que, as máis das veces, teñen que valerse de intérpretes, toda vez que non é xusto nin humano vulgar descoñecendo o idioma que emprega o acusado para a súa defensa”.

Cando en 1972 se celebrou o I Congreso do Dereito Galego, as referencias á identidade galega reiteráronse nas súas sesións. Chovía sobre chan mollado. Nas conclusións recóllese unha suxestión que é precursora da galeguización xurídica: “Os escritos xudiciais, alomenos os interrogatorios e preguntas, repreguntas e confesións, así como os interrogatorios “in voce” poderán facerse en galego e castelán.

O confesante ou a testemuña manifestarán ao xuíz ou Tribunal en cal dos dous idiomas desexan ser interrogados, e as respostas recolleranse na que se manifeste”.

A Irmandade Xurídica Galega herdeira

dese discurso galeguizador do Dereito e da Xudicatura, celebrará o próximo día 11 a súa XIII Asemblea Xeral no Salón Nobre do Pazo de Fonseca, na que fará memoria

diferenzas.

Nese ámbito das morezas añían a Escola Galega de Administración Pública e Academia Galega de Seguridade Pública, dous organismos dependentes da Xunta de Galicia, nas que se observan elevados incumprimentos no mandato legal de promover o uso do galego.

Incursos neste incumprimento normalizador está tamén a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta. A inmensa maioría dos seus letrados utilizan exclusivamente o castelán nos procedementos procesuais perante os órganos xurisdiccionais. A observación que facemos ten unha relevancia transcendental na marxinación do galego nos usos xurídicos. E o peor é que pasan os gobernos e non mudan os hábitos lingüísticos.

Tamén notamos as incoherencias dun sector considerable da sociedade galega moi dado a celebracións puntuais de exaltacións galeguistas. Abonda coñecer o ínfimo número de escrituras públicas redatadas en lingua galega que se tramitan nas notarias para evidencialo.



daquel feito histórico, e no que ingresarán vinte novos irmandiños/as que veñen engrosar a numerosa nómina de adheridos, que son os dinamizadores da galeguización xurídica vencendo moitos atrancos e in-

O delegado do Goberno destaca que O Pereiro é un exemplo de “proxección e futuro do rural”

O delegado del Goberno en Galicia, José Miñones, reivindicou o compromiso do Goberno co municipalismo, e co futuro dos pequenos concellos durante unha visita ao Concello do Pereiro de Augar. Alí, José Miñones reuniuse con Luis Menor Pérez, alcalde do municipio, para abordar as diferentes actuacións do Goberno, coñecer as súas demandas e presentar as accións que o Executivo central destina aos municipios dentro do Plan de Recuperación.

Miñones destacou que o Concello do Pereiro reflicte a proxección do mundo rural pola que aposta de maneira decidido o Goberno: “Un exemplo que se manifesta na súa poboación, que creceu de maneira progresiva nos últimos anos, e no seu tecido in-

dustrial, grazas ao parque empresarial do municipio”. Reiterou que o Goberno de España aposta pola dotación de servizos públicos nos pequenos municipios e pola creación de equipamentos, a eficiencia ambiental e infraestruturas que impacten na calidade de vida da cidadanía e permitan atraer máis poboación ao rural.

Investimentos

O delegado repasou co alcalde a situación dos proxectos nos que colaboran o Goberno e o Concello do Pereiro, en temas como a extensión de banda ancha de acceso a Internet ou o saneamento, entre outros. Así, José Miñones informou o alcalde sobre a convocatoria do Plan Único-Banda Ancha que desenvolve o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. Este

programa achegará a fibra de alta velocidade a 38 vivendas e empresas deste Concello que ata o de agora carecían deste acceso.

Así mesmo, o delegado do Goberno repasou co alcalde o proxecto de mellora do saneamento do río Barbaña, que está na fase previa á súa licitación. Un proxecto que dará solución ao tratamento das verteduras do polígono empresarial grazas á achega da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e coa implicación directa da Subdelegación do Goberno en Ourense.

Plan de Recuperación

Durante a reunión, o delegado repasou con Luis Menor as principais liñas de axuda que o Goberno destina aos municipios con cargo aos orzamentos propios e o Plan de Recuperación, Trans-



Luis Menor con José Miñones no Concello do Pereiro.

formación e Resiliencia. Reivindicou que “os concellos son un eixo fundamental do Plan, e resultan imprescindibles para garantir que estes fondos cheguen a cidadanía e execútense na súa totalidade”.

José Miñones informou o alcalde do programa de axuda para comprar ou alugar vivenda destinada a persoas mozas nos pequenos concellos. Este programa permitirá que a mocidade dispoña de axudas de ata 10.800 € para adquisición dunha vivenda habitual, ou do 60% do renda do alu-

gueiro.

O delegado tamén animou ao equipo de goberno a participar no programa de rehabilitación de Edifícios Públicos (Pirep) posto en marcha polo Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana e cuxa convocatoria está aberta ata o 2 de xuño, así como na liña de dinamización demográfica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico destinada ao financiamento de proxectos innovadores de transformación territorial e loita contra o despoboamento.

O Pereiro e San Cibrao das Viñas avanza na numeración e xeolocalización dos inmobles

Celebrouse unha reunión da comisión de seguimento do proxecto de numeración e xeolocalización de inmobles dos concellos do Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas na que participaron os alcaldes así como persoal técnico de ambos e responsables da empresa adjudicataria. Presentáronse xa os modelos de placas de numeración así como as características da aplicación informática de xeolocalización que constitúe outro pilar fundamental do mesmo. O crecemento continuado da poboación dos dous concellos fai necesario unha actualización e mellora da actual situación cara a posibilitar mellores servizos para os veciños tanto dende a administración como de empresas e profesionais do sector privado.

Con este proxecto, O Pereiro e San Cibrao van a contar con nova numeración, respectando na medida do posible a xa existente, que será homoxénea en



Reunión da comisión de seguimento.

cada concello e que facilitará moito a localización de cada inmoble coas múltiples vantaxes que iso supón.

A aplicación de xeolocalización permitirá, de xeito moderno, a través dos diferentes buscadores, localizar con exactitude a situación dos inmobles que se precisen favorecendo o cumprimento das competencias das diferentes administracións así como a prestación dos servizos por parte de profesionais e empresas do sector privado. Tamén se creará unha APP para acceder a todos estes

servizos favorecendo o seu uso.

O importe económico deste proxecto ascende a máis de 141 mil euros do cal a metade será aportado a través do programa Leader xestionado pola Asociación de desenvolvemento rural da comarca de Ourense (ADERCOU) e o resto polos dous concellos. A poboación beneficiada en ambos concellos supera os 12.300 habitantes onde se asentan centos de empresas que conforman o cinto industrial de Ourense. O proxecto estará executado para o outono deste ano.

Mellora da seguridade viaria en Pereiro de Aguiar

A Dirección Xeral de Tráfico (DXT) acaba de instalar sinais de aviso para pacificar a circulación na contorna do centro educativo de Pereiro de Aguiar. Emilio González Afonso, subdelegado en Ourense, explicou que trátase dunha sinalización disuasoria, sen fin sancionador, e que servirá para mellorar a seguridade da comunidade educativa.

Esta sinal de tráfico está operativa na contorna escolar do centro Ben-Cho-Shey, en Pereiro de Aguiar (na estrada OU-0508). A sinal dispón de sensores que detectan o paso de vehículos a motor e activan unha mensaxe de perigo con luces tipo led. Este aviso está en funcionamento nos horarios de entrada e saída de escolares, para mellorar a seguridade tanto do transporte escolar,



Sinalización disuasoria da DXT.

como de vehículos particulares e de peóns.

Emilio González destacou a importancia desta medida da DXT, do Ministerio do Interior, para previr accidentes e protexer, en especial, aos usuarios máis vulnerables nas contornas escolares. Nese sentido, lamentou o atropelo mortal que se produciu no ano 2009 no quilómetro 2 da estrada OU-0508, nas inmediacións do colexio Ben-Cho-Shey, cando os escolares entraban a clase.

A FEMP colabora coa Aula Concilia do Pereiro



Aula Concilia presta servizo durante todo o ano.

A Aula Concilia do Pereiro convoca os seus campamentos de verán para seguir axudando as familias na conciliación familiar e laboral. Oferta 75 prazas. O concello foi un dos 57 de toda España que ven de recibir a axuda da Federación Española de Municipios e Provincias e do Instituto das Mulleres para levar a cabo os proxectos de conciliación. O compromiso do Concello do Pereiro coa conciliación é longo e firme. Dende o ano 2008 a Aula Concilia (ou Aula D'abaixo, como lles gusta chamar a moitos dos usuarios) leva atendidos a centos de nenos que teñen desfrutado

dunha atención inmejorable ao tempo que posibilita que as súas familias poidan conciliar. Cada ano pasan polas súas aulas arredor de 150 usuarios, "o que da idea da magnitude do servizo que para nos é un orgullo e unha sinal de identidade como concello" afirma o alcalde Luis Menor.

"Como concello é un orgullo que o traballo que se ven desenvolvendo dende o ano 2008 teña cada vez máis recoñecemento. O da FEMP ten como fin seguir coa aposta da Aula Concilia no período estival, xa que é cando as familias do Pereiro demandan máis o servizo", segundo o alcalde.

Rutas para bicis

No Pereiro entraron en funcionamento as rutas ciclistas preferentes que a Deputación ven de sinalizar en varias vías provinciais á vista do gran número de usuarios das mesmas. Trátase de tramos sinalizados coa finalidade

de avisar sobre a presenza de ciclistas e con elo facer unha convivencia máis segura entre condutores de vehículos e ciclistas. As rutas pasan a ser dadas de alta como tales en Tráfico tendo unha vixianza preferente sobre todo en días de máis afluencia.

Consello Municipal de Deportes para O Pereiro

A Corporación municipal do Pereiro de Aguiar aprobou os estatutos do consello municipal de deportes para mellorar a xestión e planificación da cada vez máis grande oferta deportiva do concello. "Órgano de participación, asesoramento e de adopción de acordos en materia deportiva, vai ser unha ferramenta de xestión deportiva para seguir aumentando a oferta que día a día da mostras da súa gran fortaleza e onde a práctica do deporte é un obxectivo estratéxico da acción de goberno local," en palabras do alcalde Luis Menor.

Plan de emerxencia

Grazas a colaboración económica e ao aval metodolóxico da Xunta de Galicia o Pereiro conta xa co seu primeiro plan de emerxencias municipal fronte a situacións de Seca. Trátase dun documento onde se abordan as fortalezas e as debilidades do sistema de abastecemento e permite adoptar decisións de xestión e de inversións en momentos claves neste eido marcado polo cambio climático e maior necesidade de auga polo crecemento do concello. "Unha ferramenta útil que facilitará a xestións do servizo esencial de abastecemento e que nos permite cumprir cunha obriga legal que deste modo se veí satisfeita" asegura o alcalde.

Labor dos carteiros

A labor do servizo postal universal é de salientar polo gran esforzo que fan día a día. As dificultades as que se enfrontan na súa actividade son grandes. "E máis nun concello como o noso



O Pereiro recoñece o traballo dos carteiros.

rural, con moita dispersión dos seus veciños e en claro e continuo crecemento. Moitas veces teñen cumprido mais alá das súas obrigas dando mostras de gran profesionalidade polo que o recoñecemento que promovemos dende o Concello e moi merecido e xusto," asegura o rexidor Menor Pérez. "Agora que pronto van a contar con novas ferramentas: nova numeración dos inmoables e aplicación para xeolocalizar os mesmos é xusto este recoñecemento que entendemos debe vir tamén de todos os nosos veciños", dixo o alcalde.

Arturo Baltar

A figura do xenial escultor é moi coñecida e admirada por todos. O que moitos non saben é que viviu no Pereiro os 40 últimos anos da súa vida ata o seu falecemento en 2017. Viviu no pobo de Cachamuña ao lado da casa do Coronel liberador de Vigo. "Con este recoñecemento queremos resaltar a enorme vinculación do artista co Pereiro onde viviu a maior parte da súa vida. A declaración e acto público deste recoñecemento será anunciado e aberto a todos cantos queiran participar no mesmo," segundo o alcalde.



Allariz abriu o Festival Internacional de Xardíns ata o 30 de outubro

O Festival Internacional de Xardíns de Allariz abriu as portas da súa duodécima edición baixo o tema central de “Xardíns Terapéuticos, deseños que curan”. Centos de veciños e veciñas acompañaron aos e ás paisaxistas protagonistas desta edición e aos organizadores.

A XII edición ten por tema central a terapia en espazos abertos e o beneficio que iso nos aporta a nosa saúde, e por iso moitos dos xardíns que participan recrean o tema deste Festival. Dez formas diferentes de ver as diferentes terapias ou efectos que a natureza pode aportarnos na nosa saúde. Un ano máis a colaboración entre o CEIP Padre Feijóo e o IES de Allariz plasouse na parcela educativa nas que os rapaces e rapazas quixeron representar o divertido que é xogar ao aire libre cun xardín que leva

por nome “O xogo cura. Máis parque e menos pantallas.

Na inauguración participaron gran parte dos paisaxistas que foron elixidos para esta edición. Así mesmo durante o acto procedeuse a entregarlle o premio ao xardín gañador de 2021, O camiño cara a emigración de Rosalía.

Hai xardíns realizados por paisaxistas galegos como Legado ou A árbore da vida, así como xardíns de Madrid, Austria, Montenegro, Italia, Colombia e USA.

Ata o 30 de outubro poderase visitar o recinto que alberga os dez xardíns que concursan polo voto do público. Amósanse, ademais, o xardín gañador na pasada edición e o xardín deseñado polos alumnos e alumnas dos centros educativos de Allariz.

40 mil visitas

O Festival Internacional de Xardíns de Allariz (FIXA) converteuse nunha cita consolidada no

programa paisaxístico e referente pola súa particularidade: é o único das súas características que se celebra en todo o Estado. Cada ano, Allariz convoca este concurso ao que se presentan decenas de propostas chegadas de todo o mundo. Entre eles escóllense 10 que se exhiben e compiten polos votos que outorgan os máis de 40.000 visitantes que pasan cada ano polo festival.

María López, concelleira de Promoción Económica, Comercio e Turismo, explicou que “o festival supón un importante recurso para Allariz, proba disto son os 40.000 visitantes que se achegan cada ano ao recinto. A edición deste ano fainos reflexionar sobre un tema de plena actualidade, a importancia que xogan os espazos verdes e xardíns na saúde física e mental das persoas, ademais de gozar das creacións de paisaxistas de todo o mundo, apro-



Xardíns Terapéuticos, deseños que curan, é o lema deste ano.

veitemos para por en valor a importancia de vivir nun entorno como no que residimos”.

Cristina Cid, alcaldesa de Allariz, recordou que aqueles pobos que inverten en calidade de vida,

en benestar social, en espazos que contribúen a atoparse cun mesmo e relacionarse co entorno natural e humano, son pobos que apostan fortemente polo futuro e que coidan de si mesmos.

Torremolinos
Cafe Bar Torremolinos

Establecimiento seguro
Certificado desinfección
www.saneaccontrol.com

Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE

iniciés Asesoría • Fiscal • Laboral • Contable Seguros • Herencias • Gestión de Comunidades Avenida de Zamora 3 Entlo. Ofc. 1, Ourense ☎ 988 61 68 90 WWW.INICIASESORES.COM	ORO Y PLATA +25 años a su servicio Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense enfrente confitería ☎ 988 232 903	jba servicios inmobiliarios info@jbainmobiliaria.com 988 10 20 75 www.jbainmobiliaria.com	Orixe PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN Diseño • Imprenta Rotulación • Eventos Francisco de Moure 20 • Ourense 988 60 70 75 www.orixepublicidade.es
---	---	--	---

Redacción OURENSE

Festa do Boi 2022 de Allariz do 11 ao 19 de xuño

A Asociación Cultural Xan de Arzúa e o Concello de Allariz organizan unha nova edición da Festa do Boi declarada de Interese Turístico. A programación, que despois de dous anos de sen celebración, “fíxose para goce de todos os veciños e veciñas así como das persoas que se acheguen eses días. Durante nove xornadas desenvolveranse preto de cincuenta actividades. Música, teatro, actividades infantís, encontros populares e, por suposto, as saídas do boi centrarán, un ano máis, a programación festiva”, informa a organización.

A Asociación Cultural Xan de Arzúa aposta un ano máis por

potenciar o carácter cultural e histórico da festa con actividades como o trato do boi, a procesión medieval na que participan máis de vinte gremios e o encontro no Castelo. Arredor de 500 persoas ataviadas cos seus respectivos traxes representan, de xeito divertido, a orixe da Festa do Boi un ano máis.

Os cativos e cativas terán de novo o seu espazo na Festa cunha programación de actividades pensada para que eles e elas, na que serán os/as protagonistas. O martes e mércores a gran maioría de actividades programadas como o Pistaboi, as Saídas Infantís do Boi, os Boicreques ou o concerto

de Ce Fantasma farán as delicias das novas xeracións. Ademais a Asociación en colaboración ca concellería de Cultura do Concello de Allariz realizará obradoiros no CEIP Padre Feijóo de Allariz os días previos ao comezo da Festa.

Unha actividade que non podería falta na programación é a Cea Popular do xoves no Campo da Barreira. Nela participa a veciñanza e as persoas que colaboran ca súa achega, e que fan posible que ano tras ano se celebre en Allariz a Festa do Boi.

Este ano realizaranse doce saídas do boi durante os nove días da edición de 2022. O comezo das saídas será anunciado con 6




Imaxe dunha edición anterior.

bombas de palenque e unha soa avisará da súa fin. Dende a Asociación Cultural Xan de Arzúa recordan a importancia de seguir os consellos escritos no programa, así como nas entradas das rúas ao casco histórico, por onde se desenvolven as saídas.

A música, como é habitual, terá unha importante presenza na Festa contando con grupos

de gaiteros, charangas e orquestra, e os tradicionais Zés Perreiras, entre outros.

A Festa do Boi conta cun orzamento de 75.000 euros, sufragado pola achega voluntaria dos veciños e veciñas, comerciantes e hostaleiros de Allariz aos que porta por porta se lles pide contribución, segundo aclara a organización.



Especialidade
"cega maridos"

Sobremesas
caseiras

Terraza exterior

Rúa Vilanova, 1

Tfno. 988 442 191



o pepiño
produtos galego de calidade

o pepiño de Allariz

Casa de xantar tradicional. Xamón de boi

Rúa da Cruz, 1. Tfno. 988 442 530

Roi Xordo
Gastro ★ Café

Menú "a deshora"

Praza dos Mesóns, 3.

Teléfono 988 891 106

A III edición da Escola Sexolóxica de Verán de Allariz será entre o 26 e o 28 de agosto

A III Escola Sexolóxica de Verán de Allariz terá lugar dende o 26 ao 28 de agosto, sendo o tema desta edición "O coidado dos sexos: diálogos entre a saúde e a sexoloxía. A organización desta iniciativa vén da man da área de igualdade do Concello de Allariz, en colaboración co Instituto de Sexoloxía Incisex, co que mantén un convenio dende fai catro anos. Como explicaba Maribel Poisa, concelleira de Benestar Social, o traballo en igualdade no Concello de Allariz xa é un referente, traballando pola convivencia, neste caso a través da sexoloxía.

Beatriz Pérez, técnica de igualdade, explicaba que esta terceira edición céntrase no coidado de cada persoa, de cada individuo, porque somos persoas con diferentes casuísticas e peculiaridades. A través da escola sexolóxica podemos pensar, conversar e reflexionar con outras profesionais da saúde sobre o tema.

Así mesmo Uxía Fernández, educadora familiar do Concello de Allariz, comentou que a través da sexoloxía pódese aportar diferentes claves para traballar o que



Uxía Fernández, Maribel Poisa e Beatriz Pérez.

está a pasar por mor da etapa que se viviu ca pandemia e como iso nos influíu como persoa.

Durante estes tres días organizaranse diferentes eventos, charlas e actividades que pretenden mellorar o coidado dos sexos. Ademais das charlas teóricas con contidos sexolóxicos haberá obradoiros, relatorios e mesas redondas sobre temas tan importantes como a endometriose, os sexos e o cancro de mama ou a sexoloxía en relación a outras intervencións profesionais como pode ser a psicoloxía, a xinecoloxía ou a dunha matrona.

Tamén haberá outras actividades como a visita guiada ao Festival Inter-

nacional de Xardíns de Allariz, que este ano ten como tema principal "Xardíns terapéuticos, deseños que curan", o que remarca a importancia dos espazos verdes para a saúde tanto física como mental das persoas.

A capacidade de inscrición é limitada e o seu prezo será de 40€ se se fai a matrícula antes do 30 de xuño. A partir do 1 de xullo e ata o 31 o prezo da matrícula será de 50€. A adxudicación de praza realizarase por orde de inscrición. O alistamento a esta actividade pode facerse a través do teléfono 988 55 40 59, ou ben, a través do correo electrónico fogardosmaiores@allariz.gal.

Concilia Verán en Allariz



A Área de Benestar Sociais do Concello de Allariz ten aberto o prazo para solicitar o servizo de Concilia Verán 2022. Unha iniciativa lúdica de atención á infancia, que ofrece aos pais e nais, residentes en Allariz, a posibilidade de que os seus fillos e fillas, nados entre 2012 e 2018, estean acompañados por técnicos e monitores de tempo libre durante a xornada, na que se desenvolverán sendas actividades. As persoas interesadas neste servizo poden pedir información ou presentar a solicitude preferiblemente por vía electrónica no correo fogardosmaiores@allariz.gal. Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes de forma presencial nas dependencias dos Servizos Sociais Comunitario-Fogar dos Maiores do Concello de Allariz. O prazo de presentación das solicitudes será ata o 15 de xuño.

café-karaoke

rias baixas 2

Rúa Eulogio Gómez
Franqueira, 55.
Tfno. 988 21 80 09
OURENSE

Comidas
24 horas

Ampla terraza
exterior

NOVAS
Todo tipo
de prensa

Wi-Fi
Zona
wifi

AlaraXia

Tfno. 988 68 64 12
Praza do Correxidor, 12.
Praza dos Suaves. OURENSE

Revista Cultural

Nós, a Xente do Redor Nº6

Orixe Publicidade. 988 60 70 75 - 672 435 891

Xa a Venda en: Mercería Fina Cruz. C/Dtor. Maraño 1. 988 049 333 - 625 484 781

5€

Redacción OURENSE

Campamento astronómico este verán en Montañas de Trevinca

Cristina Pichel, directora xeral de Xuventude, presentou o novo campamento astronómico que se realizará este verán no Concello da Veiga. Esta nova localización, xunto con Xunqueira de Ambía, é unha das novidades da campaña de verán deste ano 2022. Terá lugar durante os días 9 e o 16 de xullo e está dirixido a mozas e mozos de entre 11 e 14 anos.

A directora xeral concretou que as actividades que conformarán este campamento, que ten lugar no albergue Montañas de Trevinca, céntranse en rutas de sendeirismo, un observatorio astronómico, actividades de multiaventura no Encoro de Prada e outras actividades culturais, tradicionais e agrícolas. Durante a súa visita achegouse tamén ao Centro Astronómico de Trevinca, onde se realizarán actividades.

Cristina Pichel sinalou que a campaña de verán deste ano é a maior da historia ao contar con máis de 10.800 prazas, tres mil máis que o



Estes campamentos están dirixidos a mozas e mozos.

ano pasado e mil máis que antes da pandemia. Neste sentido, apuntou que a través desta proposta pónense á disposición da xuventude actividades de ocio e aprendizaxe non formal e das familias un importante recurso de conciliación.

A campaña de verán para este 2022 inclúe tamén novidades nos

seus campos de voluntariado. Incorporáronse nove novas actividades e unha delas terá lugar no Concello da Veiga. En concreto, trátase do campo Bosque pintado da Cántara da Moura que terá lugar entre os meses de agosto e setembro e está destinado a persoas de entre 18 e 30 anos. Aínda hai prazas dispoñibles.

Formoso lanza unha mensaxe de optimismo e de futuro



Convención socialista no Carballiño.

Valentín González Formoso, secretario xeral do PSdeG, destaca o resultado do partido nas enquisas, situando a formación socialista como a “única forza que sobe”. O secretario xeral reuniuse no Concello do Carballiño co secretario provincial, Rafael Rodríguez Villarino, o presidente da Federación Española de Municipios e Provincias, Abel Caballero, e de Galicia, Alberto Valera, así como a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva e representantes provinciais.

Formoso destacou aos medios os resultados das enquisas, que din que o PSdeG é a “única forza que sobe” fronte ao PP que “baixa” e o nacionalismo, que “se estanca”. “Aí estará o PSdeG para alcanzar o goberno da Xunta en 2024”, proclamou. Defendeu que lograr un bo resultado en maio de 2023 é fundamental para cimentar as opcións do partido de recuperar a Xunta un ano despois e puxo deberes ao PSdeG ourensán, para conseguir que sumen a Alcaldía de Ourense e a presidencia da Deputación aos gobernos que teñen agora no resto de Galicia.

“Hai que devolverlle a Ourense a dignidade con compromiso e ilusión, co

obxectivo de mandar ó caixón da historia a Baltar, Jácome e todo aquilo que fai sentir vergoña a esta maravillosa provincia. O PSdeG vén lanzar unha mensaxe de optimismo e de futuro a unha terra que toda Galicia quere e admira”, destacou o líder dos socialistas galegos.

Rafael Rodríguez Villarino, líder provincial, recolleu a luva e garantiu que “xa está aquí o futuro”, convencido de que os ourensáns votarán o próximo ano unha alternativa aos gobernos actuais na cidade e na Deputación tras o pau de 2019 no que a pesar de ser a forza máis votada no Concello de Ourense quedou na oposición. “Por fin esta provincia vai deixar de conformar o reduto do clientelismo e da dereita en Galicia para ser un lugar de progreso onde poidamos desfrutar da alternativa que tanto necesitamos”, sinalou Villarino.

Francisco Fumega, alcalde do Carballiño, destacou tamén o proxecto do PSdeG-PSOE, partido que goberna no “60 por cento de poboación” e que cre “nunha Galicia con futuro”. Agradeceu a presenza dos referentes do partido “para perfilar e reunir experiencias de cada rexedor”.

Certame Literario da Asociación Loureiro

Asociación Veciñal Loureiro, entregou os premios e os diplomas aos once finalistas do I Certame Literario Loureiro, dirixido aos estudantes de E.S.O dos colexios do Couto. Os dous primeiros premios, un por categoría, recibiron un vale de 50 euros, para gastar no comercio do barrio.

Tódolos asistentes foron agasalhados cunha lámina impresa en alta calidade aportada por Orixe Publicidade, obra do artista Miguel Ángel Martínez Coello, que asistiu ao acto e asinou cada unha das copias.

A lamina é un retrato de Florencio Delgado Gurriarán a quen se adicaron as Letras Galegas deste ano e que tamén foi a imaxe do selo conmemorativo da Sociedad Filatélica Miño de Ourense.

Tamen asistiu Avelino Jácome director da revista Nós, a Xente do Redor, que agasallou aos finalistas cun exemplar do último número editado. Na revista serán publicados os dous relatos gañadores. Todos os finalistas recibirán un lote de libros donados



Os premiados na sede da asociación.

pola Deputación de Ourense.

Este certame foi posible grazas a teima da directiva da Asociación Loureiro, os tres centros participantes, e a asociación “Salubrizate” para promover a Lingua Galega e dar un pulo aos novos talentos que agroman.

O acto contou coa actuación musical das pandeireiras “As da Chispa”. O IES do Couto fixo entrega dun xemplar aos dous gañadores e o Centro de Adultos EPAPU dun cahveiro conmemorativo.

O acto rematou cunha fraterna merenda chea de abondosos e moi ricos petiscos e doces, preparados polos membros da Asociación Loureiro.

O presidente, Manuel Antonio García, agradeceu o esforzo a todos os membros da asociación, as institucións e colexios participantes, e de xeito especial as mestras e mestres que traballaron a reo para realizar este primeiro certame, que será xermolo de novas accións a prol da cultura.

Redacción

Premio Ferrocarril Monforte para Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular

O consistorio de Monforte acolheu a entrega do cuarto “Premio Monforte al Ferrocarril”, un recoñecemento outorgado pola Asociación monfortina Amigos do Ferrocarril (AMAFER) e que desta volta recaeu, por primeira vez nunha institución, o “Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular”.

O alcalde de Monforte, e tamén presidente do xurado que outorgou este galardón, José Tomé Roca, fixo entrega do premio á presidenta desta institución, Lara Méndez López, quen estivo acompañada polo secretario xeral do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, Xoan Vázquez Mao.

O alcalde salientou entre os motivos que tivo o xurado para premiar por primeira vez a unha institución coma o Eixo Atlántico, un premio que foi acordado por unanimidade, “o seu interese, compromiso e defensa do ferrocarril en Galicia, algo que reiteradamente ven manifestando e

demonstrando esta institución a través do seu quefacer diario”.

En concreto, o rexedor monfortino destacou a organización que o Eixo Atlántico leva a cabo de foros arredor do ferrocarril para o debate así como a aportación de estudos técnicos que vinculan as redes férreas da Eurexión Galicia-Norte de Portugal.

“Todas estas iniciativas e este traballo desenvolto polo Eixo Atlántico, serven como ferramentas para dar a coñecer a “cuestión ferroviaria” e reivindicar o ferrocarril na nosa Comunidade Autónoma, establecendo ademais vínculos sociais e económicos no conxunto da Eurorexión”.

Tomé, salientou que “nos últimos anos, cabe destacar que o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular leva promovido diversos estudos sobre as liñas ferroviarias das provincias de Lugo e A Coruña. E a proposta que presentou no ano 2021 para que se investiran 3.000 millóns de euros para completar o

mapa ferroviario en Galicia”.

A presidenta do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, tivo palabras de agradecemento e destacou que dende o Eixo Atlántico se seguirá a traballar para que a provincia de Lugo en particular e Galicia en xeral, dispoñan da mellor conexión ferroviaria posible e que o ferrocarril serva para artellar as conexións de persoas e mercadorías na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.

No acto estiveron presentes o resto de representantes das entidades que compoñen o xurado: o deputado da Área de Promoción Económica e Social da Deputación de Lugo, Pablo Rivera Capón, a xefa territorial en Lugo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, María José Nistal Díaz, o decano do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia, Enrique Urcola Fernández-Miranda, e o vicedecano do Colexio de Xornalistas, Xosé Ma-



O premio foi “polo seu interese, compromiso e defensa do ferrocarril en Galicia.”

nuel Pereiro.

Tamén asistiron o presidente de AMAFER e secretario do xurado, Fermín Avellaneda, a primeira tenente de alcalde, Gloria Prada, o secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime Luis López Vázquez, así como varios concelleiros e concelleiras da Corporación municipal.

O galardón Monforte ó Ferrocarril é bianual. Na primeira edi-

ción, celebrada en 2014, AMAFER rendeu homenaxe ó secretario xeral de Transportes do Ministerio de Fomento, José Luis Cachafo. Dous anos despois, en 2016, o premio foi para o ex director xeral de Mobilidade, Miguel Rodríguez Bugarín, e en 2018 recolleu o galardón Isabel Pardo de Vera Posada, naquel momento directora xeral do Departamento de Explotación e Construción do ADIF.

Monforte celebrará sete días de festas patronais en agosto

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, a concelleira de Cultura, Marina Doutón, e a primeira tenente de alcalde, Gloria Prada, deron a coñecer en rolda de prensa o programa de Concertos Musicais das Festas Patronais 2022, que se van celebrar do 10 ó 16 de agosto.

“Por fin”, salientou o alcalde, “despois de dous longos anos, en 2022 Monforte volverá a celebrar as súas festas patronais, dando un paso definitivo cara á normalidade que todos desexamos, tal como dixeran, neste ano imos organizar todos os eventos con normalidade. Unhas festas que van recuperar a esencia que tiveron nos últimos sete anos, con concertos masivos e gratuítos na explanada da Compañía, porque xa temos ganas de vela chea de xente como antes da pandemia”.

“Para dar cumprimento ó meu compromiso cos monfortinos e

coas monfortinas, este ano taremos un día máis de festas pasando de 5 a 6. De tal xeito que o día do pregón será o día 10 de agosto e os concertos empezarán o día 11 e rematarán o día 16 de agosto. En total serán 6 días de festa máis o pregón, o que supón 7 días de festas, porque como é habitual con este goberno, o día do pregón tamén haberá unha actuación musical na Praza de España”.

O programa completo de actuacións musicais das festas patronais de Monforte deste ano 2022 son as seguintes: Mércores 10 de agosto: Pregón. Actuación musical na Praza de España, que se incluírá dentro das actividades do Verán Cultural. Xoves 11 de agosto: Orquestra Finisterre: 22:30 a 00:00h / 03:00 a 04:30h. Orquestra Panorama: 00:00 a 03:00 h. (un único pase). Venres 12 de agosto: La Oreja de Van Gogh: 00:00 a 01:30 h. Orquestra Los

Satélites: 23:00 a 00:00 h / 01:30 a 03:30 h. Sábado 13 de agosto: Edurne: 23:00 a 00:30 h. Gins Toni's: 00:30 a 02:30 h. Malenne: 02:45 a 04:00 h. Domingo 14 de agosto: Rosario: 23:00 a 00:30 h. Orquestra Los Player's: 00:30 a 02:00 h. / 02:30 a 04:00 h. Luns 15 de agosto: Ana Mena: 00:30 a 02:00 h. Orquestra Costa Dorada: 23:00 a 00:00 h / 02:00 a 04:00 h. Fogos artificiais de San Vicente: 00:00 a 00:30 h. Martes 16 de agosto: Mago de Oz: 00:30 a 02:00 h. Orquestra Acordes: 23:00 a 00:00 h / 02:00 a 04:00 h. Fogos artificiais do Río Cabe: 00:00 a 00:30 h. As actuacións musicais empezarán ás 11 da noite e rematarán ás 4 da madrugada.

“Estamos convencidos de que os concertos que temos programados van ser capaces de encher o recinto das festas, debido á calidade das actuacións e tamén debido ó variado estilo musical



dos concertos,” dixo o alcalde. O escenario vai ter unhas maiores dimensións, unha mellor sonoridade, e estará cuberto, o que vai permitir que aínda que chova algo, os concertos vansen celebrar igual. En conxunto trátase dunha nova escenografía, que propiciará un aspecto visual moito mellor, o que leva consigo un incremento no custe da produción.

Fogos artificiais

O alcalde tamén anunciou que as “festas van contar cos Fogos de San Vicente na Torre da Homenaxe e tamén van contar cos Fogos do Río Cabe, tal e como se veñen disparando dende que os recuperamos en 2015”. “O programa cultural do Verán e outras actuación ó longo do verán, dáremolo a coñecer máis adiante, e

nel van ter cabida os grupos e músicos monfortinos, para saír adiante xuntos e non deixar a ninguén atrás, así que os artistas monfortinos van ter cabida nas festas e na programación do Verán Cultural”.

“Con este cartel, estamos convencidos que van ser unhas boas festas, nas que van participar masivamente os monfortinos, e tamén van atraer a visitantes, dado que hai música para todos os gustos e iso vai ser bo para a economía monfortina, especialmente para o comercio e para a hostalería”. “Deste xeito, cumprimos coa palabra dada, como é habitual en todos os proxectos que anunciamos, e as festas patronais non poden ser menos, enfatizou o rexedor.”

Redacción

A Xunta mellora dos viarios e aparcadoiros do hospital de Monforte

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a traballar na mellora do firme dos viarios e áreas de aparcamento do hospital público de Monforte de Lemos, onde inviste 125.800 euros. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou a marcha das obras, que consisten na realización de fresados e a reposición da capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente. A intervención inclúe a substitución do pavimento da área de Urxencias.

Arias apuntou que a finais desta semana está previsto rematar os traballos, que se completarán coa renovación da sinalización horizontal e o reforzo dos indicadores verticais.



As obras enmárcanse no proxecto de mellora do firme nos centros hospitalarios da área sanitaria, incluídos o Lucus Augusti (Hula) e o hospital de Calde, na cidade de Lugo, onde as melloras xa se executaron; así como o Hospital da Costa de Burela, onde previsiblemente comezarán

as actuacións a vindeira semana.

Arias destacou que o obxectivo desta medida é corrixir o deterioro dos pavimentos e incorporar novos servizos co fin de achegar aos usuarios unhas infraestruturas máis seguras e cómodas.

0 Barrio do Hospital de Monforte terá parque

José Tomé alcalde de Monforte, visitou as obras do Parque do Barrio do Hospital “onde comprobamos que avanza a bo ritmo, logo de que as adxudicáramos á empresa Calfensa Proyectos S.L., polo incumprimento da empresa que fora inicialmente a adxudicataria das mesmas”.

As obras para rematar o novo parque foron adxudicadas á empresa Calfensa Proyectos S.L., por un importe de 590.347,87€, e que esta empresa retomou as actuacións a principios do mes de abril dende o punto en que o deixara a anterior empresa adxudicataria, que non cumprira coa execución de ditas obras no prazo establecido, rescisión que fora ratificada polo Consello Consultivo de Galicia. O alcalde informa, neste senso, que “a extracción de terras así coma a construción do muro de contención de pedra de granito xa



están rematados”.

Do mesmo xeito, “xa se levou a cabo a construción da base de cemento da plataforma que sustentará o futuro Parque de xogos infantís, estrutura sobre a que irá ubicado o céspede artificial e o pavimento de caucho absorvedor de impactos, para garantir que os pequenos non se manquen”.

Polo tanto, destacou José Tomé, “as obras avanza ó ritmo previsto, e se todo segue de-

senvolvéndose segundo o planificado, no mes de xullo poderían estar rematadas as obras”.

A previsión é que ó longo do mes de xuño serán colocados os elementos de xogo do Parque Infantil, mobiliario así como a súa valla perimetral.

Do mesmo xeito, tamén restará por conformar os paseos do Parque do Barrio do Hospital, así como o resto de zonas verdes e o novo estacionamento.

Monforte e Ribeira Sacra promocionanse en Expocidades



O Concello de Monforte é unha das cidades galegas que estes días amosará o seu potencial turístico na quinta edición da Mostra de Turismo das cidades do Eixo Atlántico, Expocidades, que se celebra na localidade coruñesa de Ferrol dende hoxe e ata o vindeiro 15 de maio.

A primeira tenente de alcalde, Gloria Prada, acudiu en representación da administración municipal e, asistiu ó acto inaugural e a diversos actos promocionais con medios de comunicación.

Esta quinta edición de Expocidades foi organizada baixo o lema “Dous países, un destino”, e nela o Concello de Monforte conta cun stand propio dende o que promocionará o potencial turístico, artístico e gastronómico da cidade e da Ribeira Sacra.

Para elo, dende o stand de Monforte ofrecerase ó visitante material de promoción oficial do Concello, como é a Guía Turística oficial do Concello, a Guía do Peregrino, e o plano oficial da cidade.

“A cidade do Cabe amosará as posibilidades turísticas, unha oferta centrada no turismo de proximidade dada a relativa distancia que existe entre as cidades galegas e as portuguesas e a variedade de ofertas turísticas para o visitante”, destacou Gloria Prada.

Expocidades, escaparate do potencial turístico das cidades que integran o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, chega este ano á súa quinta edición en Ferrol, despois de pasar por Lugo, Pontevedra, Viana do Castelo e Vila Real. A exposición terá lugar en pleno centro da cidade, na Praza de Armas. Paralelamente ó desenvolvemento da feira haberá outras actividades como degustacións de produtos típicos das cidades (doces, pan, viños, conservas) e actuacións musicais, entre outras. A entrada é gratuíta.

Neste senso, tras o acto inaugural, tivo lugar unha degustación de produtos típicos da Eurorrexión, na que destacou a empanada de iscos e viño Mencía Ribeira Sacra de Monforte de Lemos, ademais do polbo do Carballiño, a empanada e pan de Carballo, o Viño de Misa e Viño Verde da Adega Cooperativa de Braga, doces tradicionais de Braga e roscas de Carballo.

O obxectivo de Expocidades é promover as cidades do Eixo Atlántico no seu medio de mercado inmediato, así como tamén aproveitar para favorecer a relación directa entre produtores turísticos (turismo rural, programas de turismo de natureza, programas de turismo de aventura, etc.) e comercializadores (axencias de viaxes e operadores turísticos).

Mención especial por innovación agraria a un viveiro de Sober

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, José Luis Cabarcos, visitou o viveiro de produción de plantas ornamentais A Man de Prado, en Sober, para facerlle entrega do diploma acreditativo da mención especial que recibiu no II Foro de innovación produtiva do sector agrario organizado pola Xunta e celebrado en Santiago de Compostela o pasado día 10 de febreiro.

En concreto, a iniciativa premiada -que contou cunha subvención da Xunta de preto de 80.000 euros- estaba centrada na elaboración sustentable de tepes para tres usos distintos: cubertas verdes extensivas, taludes e xardíns tipo macizo de alto valor engadido.

En colaboración coa Fundación Juana de Vega, coa Universidade de Santiago (USC) e coas empresas Arborejardin e Orgánica de Substratos (grupo Costiña), partiuse dun estudo de mercado para facer unha selección e avaliación de



Viveiro A Man de Prado, en Sober.

plantas adaptadas a diferentes usos e condicións ambientais -incluíndo as autóctonas- para logo avaliar o medio de cultivo e o soporte de enraizamento e, finalmente, testar o conxunto de plantas soporte.

O proxecto, que incluía un estudo final de custos no escalado da produción destes tepes en viveiro e do uso en xardinería, tamén perseguía avanzar na inclusión do formato tepe na norma de calidade de planta ornamental

de Galicia, buscando o beneficio para o sector viveirístico da nosa comunidade. Nesa liña, búscase a redución das malas herbas e da necesidade de uso de fitosanitarios nas obras de xardinería, o uso de substratos de natureza renovable e sustentable no canto de turba, a redución da perda de solo en taludes revexetados, a mellora da eficiencia enerxética de edificios nos que se instalan cubertas axardinadas, entre outras cuestións.

Pantón evitará infraccións urbanísticas

A Xunta de Galicia e o Concello de Pantón acordaron reforzar a súa colaboración para evitar calquera infracción urbanística neste municipio da Ribeira Sacra. O director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), Jacobo Hortas, e o alcalde de Pantón, José Luís Álvarez, mantiveron un encontro de traballo, no que tamén analizaron os expedientes pechados pola APLU e resolveron as dúbidas trasladadas polo rexedor.



José Luís Álvarez e Jacobo Hortas.

Hortas indicoulle que tamén os técnicos da Axencia están a disposición do alcalde, e do equipo municipal, para resolver e atender as consultas relativas á disciplina urbanística, co fin de dar resposta ás dúbidas e inquedanzas dos cidadáns e da Administración local, co obxectivo de evitar calquera incidencia ou infracción nunha zona tan sensible, como é este municipio integrado na zona lucense da Ribeira Sacra.

A APLU organiza actividades

formativas e informativas que poden ser de interese para os membros do Concello, que ademais de actualizar a súa formación neste eido poden coñecer experiencias similares noutros territorios e abordar consultas para as necesidades detectadas no seu termo. O director da APLU recordou que Pantón é un dos 91 concellos galegos adheridos á APLU e, neste caso concreto, desde hai case unha década.

A Deputación promociona a raza Rubia Galega de 400 gandeirías

As gandeirías lucenses inscribiron preto de mil vacas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da Raza en 2021, o dobre que no 2019. Máis de 400 gandeirías beneficianse das axudas á promoción e potenciación da raza Rubia Galega da área de Medio Rural da Deputación de Lugo, cun importe total de 200.000 euros.

As achegas están vinculadas á inscrición das vacas reprodutoras no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza, un trámite que se realiza tras o primeiro parto do animal. Dacordo coas subvencións xestionadas pola área de Medio Rural, en 2021 as gandeirías lucenses inscribiron nese rexistro 983 vacas, fronte ás 656 de 2020, e ás 525 de 2019, anualmente na que se puxeron en marcha estas achegas.



A deputada de Medio Rural, Mar e Mocidade Mónica Freire, que asistiu a Poxa de Xovencas de raza Rubia Galega organizada por Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega (ACRUGA) en Becerreá, fixo balance desta convocatoria "que nos achega datos que indican unha evolución positiva no censo de animais de Rubia Galega de gandeirías lucenses e polo tanto do fortalecemento desta raza autóctona, ca-

racterizada pola súa adaptación ao territorio e aos manexos extensivos e tradicionais".

Nesa liña, a responsábel provincial incidíu "na importancia da conservación das razas autóctonas para o desenvolvemento sustentable e a fixación de poboación nas zonas rurais e da promoción dos seus produtos, desenvolvendo políticas que garantan prezos dignos para os gandeiros e gandeiras".

XXIV Maratón Autonómico Urbano en Sober



Acto deportivo na explanada da Casa Consistorial.

O director xeral de Persoas con Discapacidade, Fernando González Abeijón, asistiu ao XXIV Maratón Autonómico Urbano organizado por Special Olympics en Sober. Alí destacou que esta iniciativa permite que, unha vez máis, as persoas con discapacidade poidan practicar

e desfrutar do deporte nun ambiente de igualdade. O director xeral destacou que a través de Special Olympics, Galicia segue avanzando cara unha sociedade cada vez máis inclusiva, na que o importante é seguir potenciando a presenza do deporte adaptado para as persoas con discapacidade.

Festa de Exaltación do Pan de Cea

O domingo 3 de xullo celébrase no Campo da Saleta, a XXIX edición da Festa de Exaltación do Pan de Cea, declarada de interese turístico de Galicia. O entorno da capela convértese, desde 1991, nun punto de encontro para degustar o famoso produto. O sábado día 2 será a VIII edición da Ruta dos Fornos, experiencia gastronómica singular. Pero o 26 de xuño cele-

brarase a VI edición da Andaina do pan de Cea.

Actualmente son 20 os fornos que elaboran o pan, que ten desde 2004 Indicación Xeográfica Protexida, e que envían a Madrid, Cataluña, País Vasco, Asturias e Levante. A produción anual supera as 700.000 pezas, de "poias" e moletes.

As orixes de San Cristovo de Cea, así como a súa tradición pa-

nadeira, discorreron parellas á historia do Mosteiro Cisterciense de Santa María a Real de Oseira, monacato que nunca deixou de lado as prácticas de moenda e da panificación, provéndose dos recursos necesarios para tal fin, sendo a vila de Cea principalmente a subministradora do pan.

Dende a primeira reseña histórica que data do século XIII cando o abade Don frei Arias Pérez obtén do Rei Sancho IV o privilexio polo que concede ó Coto de Cea Igrexa e feira mensual, ata a actualidade, a vila de Cea é unha valiosa testemuña da historia de Galicia. A actividade panadeira incrementábase notablemente na época da Casa dos Austrias. Séculos despois dende a nova Casa de Borbón, e grazas a un proxecto política que persegue a modernización do Reino, realízase no ano 1752 por parte do Marqués da Ensenada un censo na vila de Cea. En dito censo catalóganse como panadeiros gran parte dos veciños de San Cristovo de Cea,



"Poia" de pan de Cea.

reseñándose tamén os fornos que xa daquela sumaban doce.

Os anos foron pasando e nas primeiras guías de Galicia xa daban conta da calidade do pan, así en 1883 na guía de Cesáreo Rivera e Víctor Manuel Vázquez escríbese o que segue: "La Villa de Cea es famosa en homenaje a panaderas e panaderos por sus acreditadas tahonas, en las que elabora un pan de trigo exquisito que se vende en el mercado de Carballino y otros pueblos cercanos, en donde es muy apreciado".

Trátase pois, da fidedigna constatación da calidade dun produto

elaborado dunha forma singular que o facía moi apreciado, e ademais, da actividade duns fornos que viñan cocendo dende facía máis de cincocentos anos. Anos máis tarde, Ramón Otero Pedrayo tamén deixou constancia da notable industria pan de Cea na súa redacción de "Guía de Galicia", tendo ésta un interese especial xa que é a primeira vez que se recolle un testemuño gráfico do pan xa que se inclúe unha ilustración dunha panadeira vendendo o pan no Carballiño nun día de feira. O pan segue a conservar a mesma forma que nela se describe.



Capela da Saleta.

Formas da peza de Pan

A longada e redondeada nos seus extremos, cunha fendidura transversal na parte superior, denominada "fenda", diferenciando a peza en dúas partes iguais curvadas e ensambladas entre sí. Dous tipos de presentación: Peza ou "Poia": Peso entre 1 e 1,2 qms. Media peza ou "Molete" entre 0,5 e 0,6 qms.

Codela ou "Codía": Grosa de anchura va-

riable, ata nunha mesma peza, consistencia dura e rixida e con tendencia a facer láminas. A súa cor vai desde dourado a castiñeiro escuro. Sabor tostado.

Miga ou "Miolo": Textura esponxosa, fibrosa e firme. Alveolado non moi abundante, distribuído de forma irregular e de tamaño moi variable. Cor apergaminado, recordando o grao de trigo enteiro. Sabor intenso a trigo.

Tres roteiros polos fornos

Roteiro Cea: Percorrido polo núcleo urbano de Cea visitando os diferentes fornos coa posibilidade de ver algún funcionando. Roteiro Oseira: Percorrido pola contorna ao Mosteiro Cisterciense de Santa María A Real de Oseira, punto clave e de partida na historia do Pan de Cea. Os visitantes

gozarán do cenobio cisterciense e dunha paraxe natural sen igual, así como do Museo etnográfico Liste. Roteiro Viña: Percorrido pola parroquia de Viña. Un paseo agradable e encontro coa etnografía do Concello. Visita a fornos de leña nos que se elaboraba o pan de Cea recentemente restaurados.



Encontro de confraternidade astur-galaico en Camariñas, Muxía e Santiago

A “Asociación do Día de Galicia en Asturias” acompañada da “Lareira Galega de Avilés” realizaron en maio unha excursión a Santiago con motivo do Xacobeo. Tamén visitaron o Museo de Camariñas e comprobaron a preciosidade dos seus encaixes. En Camelle coñeceron o museo de Man e xantaron no hotel Insua, de Cee. Finalizado o xantar partiron a coñecer o Parador de Muxía onde apreciaron e gozaron das súas vistas. Unha vez finalizada a visita regresaron a Santiago.

Ao día seguinte asistiron á

misa de 12 na catedral coa posta en funcionamento do butafumeiro. Participaron Alfredo Canteli, alcalde de Oviedo, e Manuel Fernández Quevedo, presidente da Asociación Día de Galicia en Asturias, coas súas donas. Fernández Quevedo realizou unha ofrenda ao Apóstolo Santiago en nome da devandita asociación e da Lareira Galega de Avilés. Unha vez rematada fíxoselle entrega dunha imaxe da Virxe de Covadonga ao arcebispo de Santiago, Julián Barrio.

En nome da Asociación “queremos agradecer á alcaldesa de Camariñas, concelleira de Turismo,

guías e demais persoas o trato recibido, así como no parador de Muxía ao seu director, Julio Castro. Igualmente á dirección e persoal do Hostal dos Reis Católicos, de Santiago, onde celebramos o xantar de irmandamento”, manifesta Fernández Quevedo. “O noso máis sincero agradecemento ás autoridades de Galicia e Asturias que nos acompañaron, entre as que se atopaban os alcaldes de Oviedo, Alfredo Canteli, e Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, ademais da vicepresidenta do Parlamento asturiano e concelleiros de ambas as terras,” dínos Fernández Quevedo.



Foto de familia ao pe da catedral de Santiago.

“Tivemos a honra de contar coa actual vicepresidenta segunda do Congreso dos Deputados Ana Pastor, así como do secretario xeral de emigración, Antonio Rodríguez Miranda e outros amigos

como o presidente do Centro Asturiano da Coruña, José Manuel Rodríguez González, entre outros,” dixo Ana María Fernández Grela, presidenta do Lar Galego de Avilés.

Belesar puxo a venda dos mil quilos de cereixas

Belesar celebrou, o 21 e 22 de maio, a edición 16 da Festa do Viño e da Cereixa logo de dous anos de ausencia. As 10 da mañá abríronse os postos de venda de cereixas e as 12 as tres casetas do viño das adegas participantes: Terras Bendaña, Condado de Sequeiras e Fontao. Fixo o pasarrúas o grupo de gaitas Os Barrios, de Chantada. No escenario actuou o grupo musical Nubeiro, de Lugo. A inauguración oficial da feira foi pasadas as 13.30 na ponte que cruza o río Sil e comunica os concellos do Saviñao co de Chantada. Cortou a cinta Bieto Ledo, o pregoeiro, xunto cos alcaldes de O saviñao e Chantada, Juan Carlos Armesto e Manuel Lorenzo Varela. Deseguido, Ramón Porto presentou a Bieto Ledo, director da editorial Ir Indo, que pronunciou o pregón e logo foi nomeado “Cofrade do Bo Viño de Belesar” pola Asociación Papeiros e Rabudos, organizadora do encontro festivo. Ledo é “Vigués ilustre” e “Fillo predilecto de Xunqueira de Ambía (Ourense). O grupo musical monfortino “Meritxell” animou a chamada sesión vermut e logo do xantar popular volveron



Corte da cinta inaugural na ponte sobre o río Miño.

actuar Os Barrios.

Ese sábado, máis de douscentos pilotos de motos que xantaron en Monforte fixeron varias etapas do Roteiro Castrexa, proba puntuable para a Copa de España. Entraron na Ribeira Sacra por Taboada, e desde esta localidade dirixíronse cara a Chantada, acometendo así a primeira etapa. Desde a capital da Asma baixaron a Belesar, e desde aquí dirixíronse á praia da Cova. Completaron a mañá coas etapas A Cova-Ferreira, Ferreira-Sober e Sober-Monforte. Desde aquí emprenderon viaxe rumbo a Samos para concluír o día en Lugo.

O domingo en Belesar volveron actuar Os Barrios e Meritxell ata o solpor, pero as seis da tarde celebrouse o “Certame de Aturuxos” entre Papeiros (de Chantada) e Rabudos (Do Saviñao).

Os produtores de cereixas puxeron á venda dous mil quilos deste froito (que se recolle sobre todo en Sanfiz, Líncora, Belesar e Pincelo), a un prezo de doce euros a caixa de dous quilos.

Estímase que na zona de Chantada e O Saviñao hai ao redor de 7.000 cerdeiras. Existen dúas plantacións ecolóxicas (amparadas polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia) especialmente importantes: unha delas en Pincelo, con máis de 200 árbores, e a outra en Líncora, cunhas 500 cerdeiras.

“O cultivo da vide e da cerdeira son totalmente compatibles e resulta fácil localizar estes exemplares entre os bancales das viñas ou marcando o límite co terreo dos veciños”, segundo sinala a organización

As pemes suporán o 65% dos provedores para a fábrica de fibras téxtiles



O conselleiro reunido cos alcaldes.

Francisco Conde, vicepresidente económico e conselleiro de Economías, participou en Chantada nun encontro con alcaldes das comarcas de Chantada, A Ulloa e Lugo (Carballedo, Chantada, Taboada, Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Rei, Portomarín, Friol e Guntín), onde destacou a pegada industrial que suporá a fábrica de fibras téxtiles. Explicou que a previsión é que máis do 65% dos provedores sexan pemes, un dato relevante nun sector como o forestal-madeira tendo en conta que 9 de cada 10 concellos galegos teñen empresas da industria da transformación da madeira.

Conde subliñou que a magnitude do proxecto, que ademais vincula dous sectores estratéxicos para Galicia como o forestal e o téxtil, permitirá que o seu radio de acción

chegue a toda a provincia de Lugo e a toda a Comunidade exercendo un efecto tractor e transformador na economía e infraestruturas locais. Por iso, asegurou que maximizará o impacto social, coa creación de 2500 postos de traballo entre directos e indirectos, incrementará tanto a demanda de materia prima como da industria loxística e permitirá a implantación de novas empresas.

Francisco Conde explicou que vai ser fundamental ter finalizadas infraestruturas tan necesarias como a autovía Lugo-Santiago (A-54), polo que se agarda que a planta actúe como revulsivo para adquirir un maior compromiso por parte do Goberno. Ademais é necesario que o Executivo central asuma o seu compromiso con este proxecto a través dos fondos europeos Next Generation.